

IX CONGRESO CIG-ENSINO

Relatorio de organización



Contido

1	Relatorio de Organización	2
2	1.- O modelo sindical da CIG-Ensino e a súa utilidade	2
3	2.- A organización sindical.....	3
4	2.1.- Afiliación.	4
5	2.2.- Eleccións Sindicais.	5
6	2.3.- Servizos xurídicos.	6
7	2.4.- Finanzas.....	7
8	2.5.- Comisións de traballo.....	7
9	Comisión Nacional de Organización e Servizos.	8
10	Comisión Nacional de Lingua.	8
11	Comisión Nacional de Negociación Colectiva.	8
12	Comisión Nacional de Saúde Laboral	9
13	Comisión Nacional de Mulleres e Igualdade.	9
14	Comisión Nacional de Comunicación.	10
15	3.- Formación	10
16	4.- Feminismos.....	11
17	5.- A Comunicación e as redes sociais.	12
18		
19		
20		
21		
22		
23		
24		
25		
26		
27		
28		
29		
30		

1.- O modelo sindical da CIG-Ensino e a súa utilidade

2

3 A CIG-Ensino é unha federación da Confederación Intersindical Galega (CIG) que centra
4 a súa acción sindical nas persoas traballadoras dos diferentes sectores educativos do
5 país, dende a educación infantil até o ensino universitario.

6 Como sindicato nacionalista, defende a identidade nacional de Galiza e a
7 autoorganización das persoas traballadoras. Considera como principios fundamentais a
8 democracia e a participación, respecta o pluralismo e mantén a independencia de
9 calquera outra organización ou institución. Como sinal de identidade, exprésase en
10 galego e impulsa a nosa cultura e o noso idioma como elementos que nos vertebran.

11 A CIG-Ensino é un sindicato feminista, combativo e de contrapoder, que practica a
12 solidariedade e o internacionalismo. Defende un ensino público galego e en galego,
13 democrático, laico, coeducativo, gratuíto e inclusivo.

14 Na súa esencia está o asemblearismo e a presenza continua nos centros de traballo,
15 primando a proximidade ao profesorado con asembleas periódicas,

16 informando, recollendo achegas e debatendo; pero tamén tratando de mobilizar e axitar,
17 de xerar conciencia de clase xestionando os conflitos e propondo alternativas, facendo
18 do sindicato unha ferramenta útil de transformación da sociedade galega e do ensino e
19 non só unha solución de xestión de situacións concretas.

20 Por tal, é fundamental ter persoas que sexan enlaces entre o centro de traballo e o
21 sindicato, nunha relación bidireccional que transmita todo o que está facendo a
22 organización e traslade á estrutura sindical as inxerencias e demandas do persoal que
23 está nos centros realizando o traballo docente día a día e nos permite coñecer os
24 conflitos, visualizalos e tentar dar a solución máis acaída en cada momento.

25 Manter e ampliar esa rede de colaboración é unha aposta estratéxica do sindicato para
26 salvar as limitacións que impón a lexislación en materia de eleccións sindicais no ensino
27 público -sendo estas provinciais e non por centro de traballo-. É a mellor garantía da
28 nosa presenza nos centros como marca CIG-Ensino, prioritaria de cara a unha renovación
29 masiva dos claustros que comezou hai uns anos e está a xerar unha entrada de novas
30 xeracións de compañeiros e compañeiras, que deben ver a CIG como referente sindical.

31 Por outra banda, é fundamental manter e mellorar o ámbito da xestión, para dar
32 resposta acaída ás dúbidas ou problemas individuais e colectivos, o que non deixa de ser
33 outro dos piares do noso traballo sindical e unha das nosas fortalezas. Todo traballo
34 organizativo, para reforzar o papel do sindicato, debe manter a necesidade da calidade
35 na xestión, precedida dunha permanente formación dos cadros sindicais, sempre como
36 unha ferramenta de apoio ao traballo de transformación social, obxectivo fundamental
37 do sindicato, que ten na mobilización e concienciación a mellor arma de actuación.

38

39 2.- A organización sindical

40

1 Dende unha perspectiva organizativa, dotámonos das ferramentas que a propia
2 confederación ten creadas a nivel territorial e sectorial.

3 A nivel territorial contamos con estrutura propia nas 7 unións comarcais (A Coruña, Lugo,
4 Ourense, Pontevedra, Ferrol, Compostela e Vigo), en 4 unións locais (A Mariña, O
5 Morrazo, O Salnés e Verín) e atendemos o resto das localidades dende as cabeceiras de
6 cada comarca.

7 A nivel sectorial ou federal, dotámonos do Congreso, o Consello Federal, o Secretariado
8 e a Executiva Nacional como órganos de goberno e de dirección do sindicato.

9 Ademais, formamos parte activa das comisións nacionais confederais establecidas pola
10 CIG (Organización, Mulleres, Área Pública, Comunicación, Persoas Xubiladas e
11 Pensionistas) e temos constituídos diferentes grupos de traballo que, con reunións
12 periódicas, analizan, debaten e trazan as liñas de actuación no relativo ás súas
13 competencias.

14 Organizar o traballo, fixar prioridades e establecer programas e calendarios de acción
15 sindical requiren dunha visión ampla e global, pero tamén dunha correcta coordinación
16 baseada no coñecemento da nosa propia estrutura e no recoñecemento das nosas
17 fortalezas e debilidades. Isto permítenos desenvolver o traballo do día a día, tanto na
18 atención nos locais como nas asembleas nos centros de traballo e na execución das
19 campañas federais, confederais ou comarcais.

20 Porén, debemos reforzar a nosa metodoloxía de traballo, baseada no debate e na posta
21 en común a través de reunións periódicas, na socialización dos conflitos, na coordinación
22 e no traballo compartido, e na toma de decisións consensuadas. Só así seremos máis
23 eficaces nas nosas accións e consolidaremos a nosa posición como primeira forza sindical
24 no ensino de Galiza, referentes do profesorado galego na defensa dos seus intereses e
25 na mellora real das súas condicións laborais.

26

27 **2.1.- Afiliación**

28

29 A afiliación é o pilar fundamental no que debe asentarse todo o noso traballo tanto de
30 organización como de acción sindical.

31 A análise da situación actual da afiliación da CIG-Ensino non se podería entender se non
32 se ten en conta a resposta do sindicato a situacións que se deron no contexto destes
33 últimos catro anos (pacto social, procesos de estabilización, *acordo da vergoña*); as
34 campañas específicas levadas a cabo pola central sindical (a propia de afiliación, a do
35 corpo único, etc.); o traballo desenvolvido dende os propios locais do sindicato (control
36 e xestión da base de datos, actualización de datos após CADP-CXT, control dos informes
37 de devolucións e rexeitamentos das cotas, así como das xubilacións, etc.); e sobre todo,
38 a presenza continua nos centros de traballo, sen a cal deixaríamos de ser quen somos e
39 limitaríamos tamén a nosa capacidade de afiliación e financeira.

1 O escenario que temos a catro anos vista, cun elevado numero de compañeiras e
2 compañeiros en idade de se xubilar, xunto cunha previsíbel entrada de xente moi nova
3 no sistema educativo, vai supoñer que teñamos que redobrar esforzos nesa presenza
4 continua nos centros de traballo e atender, como vimos facendo, as novas
5 incorporacións ao sistema educativo. As asembleas levadas a cabo nas facultades
6 universitarias, ou os cursos que se ofrecen ás novas funcionarias en prácticas, téñennos
7 demostrado a súa valía no sentido de facernos referentes sindicais diante destas persoas,
8 mais tamén na súa afiliación, polo que debemos consolidar e reforzar estas medidas.

9 Con todo, cómpre non acomodarse aos bos números nos que nos atopamos e ter sempre
10 presente que a nosa capacidade de acción e tamén financeira depende da nosa
11 afiliación, polo que o obxectivo a catro anos é continuar na senda de seguir medrando e
12 incorporando novas persoas ao proxecto CIG-Ensino.

13

14 **2.2.- Eleccións Sindicais**

15

16 De igual xeito que de cara á Afiliación, resulta evidente que temos que estar
17 especialmente organizados e coordinados para facerlle fronte aos procesos de eleccións
18 sindicais.

19 O medre nos resultados, após os diferentes procesos de eleccións sindicais en calquera
20 dos sectores nos que centramos a nosa acción, foi nos últimos catro anos especialmente
21 significativo.

22 Somos conscientes de que alcanzar a posición de primeira forza non foi algo nin gratuíto
23 nin doado de alcanzar, senón o resultado dun camiño construído sobre o esforzo e o
24 traballo colectivo ben planificado e organizado de moitas persoas comprometidas coa
25 causa da CIG e particularmente da CIG-Ensino. Este logro representa un recoñecemento
26 do modelo sindical que defendemos, mais tamén nos sitúa ante o reto de manter esa
27 posición e fortalecela no futuro, cuestión esta á que en boa medida nos axuda a
28 referencialidade que nos proporciona o feito de sermos tamén a primeira forza sindical
29 dende unha perspectiva confederal.

30 Manernos, xa que logo, como primeira forza non é algo que veña dado nin garantido
31 por inercia. Pola contra, é un desafío que exige de nós un compromiso renovado, unha
32 capacidade de organización reforzada e unha dedicación constante ao traballo no día a
33 día. Mais tamén require de fortalecer e implementar o noso método de traballo,
34 baseado na planificación, na visita aos centros de traballo e na fidelización das persoas
35 afiliadas.

36 O éxito neste reto dependerá, mais unha vez, da loita común. Para afrontala, debemos
37 poñer o foco en reforzar a organización, mellorando a estrutura interna e as dinámicas
38 de traballo, especialmente intensificando a nosa presenza nos centros de traballo.

39 Cómpre, xa que logo, reforzármonos especialmente ante os períodos electorais,
40 planificando precampañas e campañas, avaliando o noso traballo (mais tamén o feito

1 polas outras organizacións), buscando a implicación activa das persoas delegadas dos
2 centros e mantendo un contacto directo coa afiliación, en tanto que son elementos
3 proactivos dentro dos centros de traballo.

4 En todo este proceso, a confrontación ideolóxica ten que xogar un papel primordial.
5 Como CIG-Ensino precisamos demostrar con feitos e argumentos que o modelo sindical
6 que representamos é a única ferramenta eficaz para defender os dereitos laborais e
7 avanzar na mellora das condicións de vida da clase traballadora galega. Este modelo
8 sindical, baseado na reivindicación, no asemblearismo, e que ten como máxima que “a
9 loita é o único camiño”, ten que confrontar ante o entreguismo e o pactismo sindical das
10 organizacións estatais, que só xeran o empobrecemento da clase traballadora coa
11 continua conivencia da censura mediática tanto da Xunta como dos medios de
12 comunicación do país.

13

14 **2.3.- Servizos xurídicos**

15

16 Dende unha perspectiva interna e organizativa, a coordinación das nosas accións
17 sindicais co departamento dos servizos xurídicos da CIG faise imprescindible se non
18 queremos sobrecargar ou bloquear o servizo, mais tamén se queremos mellorar a
19 atención á nosa afiliación.

20 A acción xudicial non pode substituír o sindicalismo. Temos que ter como principio que
21 a “legalidade” non é sinónimo de xustiza.

22 Os problemas laborais e sociais que afectan á clase traballadora non teñen por que ter
23 unha solución que encaixe necesariamente na legalidade vixente; e mesmo encaixando,
24 non nos é estraño comprobar como dous casos idénticos rematan en sentenzas distintas,
25 demostrando que a “xustiza” española é, no mellor dos casos, caprichosa.

26 En todo conflito debemos priorizar a acción sindical fronte á xudicial, servindo a
27 xudicialización unicamente como acompañamento da nosa acción sindical, non podendo
28 ser substituta desta.

29 O traballo que desde a federación facemos neste eido parte dun seguimento e
30 asesoramento previo á apertura dun expediente na asesoría. Temos que darlle
31 prioridade a filtrar os casos que cheguen aos nosos locais facendo un seguimento dos
32 posíbeis recursos previos así como das casuísticas concretas que se poidan resolver co
33 asesoramento das persoas liberadas ou delegadas sindicais, sen que sexa precisa a
34 citación na asesoría. Partindo desta premisa, a orientación á afiliación en todo o proceso
35 previo a unha denuncia é fundamental para o bo funcionamento dos servizos xurídicos,
36 evitando o acceso de casos que poden resolverse sen necesidade da mediación das
37 persoas avogadas. En todo caso, debemos seguir na liña de reforzar ese traballo previo
38 e, logo da posta en común por parte do persoal da federación, decidirse sobre o acaído
39 das demandas tomando a decisión de acceso ou non á asesoría xurídica. Debemos fuxir
40 da tentación de encamiñar os afiliados e afiliadas ás asesorías para que formulen as súas

1 dúbidas, limitando esa posibilidade aos casos claros que deben derivar nunha demanda
2 viábel.

3 A nivel nacional, desde a nosa federación lévase un control dos casos que entran en cada
4 asesoría con varios obxectivos: ter información sobre os problemas que atopan as
5 persoas traballadoras e se reclaman nos xulgados, debater sobre o interese de
6 determinadas demandas, decidir sobre a continuidade de certos procedementos ou
7 estar ao tanto das sentenzas ditaminadas nos distintos xulgados.

8 Por outro lado, tamén a nivel nacional contamos cun procedemento de xestión
9 documental no que a través dun arquivo de sentenzas podemos acceder desde calquera
10 local a aquelas que sexan de interese nun momento determinado.

11 O obxectivo do traballo de recompilación e arquivo das sentenzas, tanto das que saen
12 das nosas asesorías como daquelas externas que poidan ser de interese, non é outro que
13 ter referencias das actuacións dos xulgados en canto á mellora das condicións laborais
14 das persoas traballadoras e fornecernos de argumentacións para continuar na loita.

15

16 **2.4.- Finanzas**

17

18 Para a CIG-Ensino, as finanzas constitúen un elemento chave da nosa organización, pois
19 son as que nos permiten toda a acción sindical e de comunicación.

20 A fonte de ingresos do noso sindicato está baseada fundamentalmente nas cotas que
21 achega a afiliación. Somos un sindicato de clase que conta cunha ferramenta de suma
22 importancia para poder practicar a loita sindical, a caixa de resistencia, que permite á
23 nosa afiliación facer fronte a longos procesos de folga, como aconteceu recentemente
24 no sector da Educación Infantil.

25 Da nosa cota tamén achegamos unha parte ao fondo de solidariedade e outra ao
26 mantemento da estrutura confederal (destinada ao mantemento dos locais, asesoría
27 xurídica, etc.)

28 A xestión das finanzas da nosa federación realízase a nivel nacional a través da Secretaría
29 de Finanzas, responsabilidade que forma parte do organigrama da Executiva Federal
30 Nacional. Aínda que si existen as responsabilidades comarcais de finanzas, estas
31 encárganse de xestionar basicamente as cuestións relacionadas coa documentación das
32 axudas de custo das persoas liberadas e delegadas, de compras de material funxíbel, así
33 como de xestionar e transmitir á Secretaria Nacional a información das necesidades de
34 cada comarca.

35 A federación de Ensino ten unha alta porcentaxe de afiliación suxeita á cota ordinaria
36 (arredor do 70%), que xunto cun incremento continuado de afiliación provoca que
37 teñamos unha estabilidade financeira moi consolidada e polo tanto a independencia
38 total do noso sindicato.

1 Practicamos a contención do gasto primando facer fronte á acción sindical e á formación
2 do profesorado (esta en ningún momento foi nin é unha fonte de financiamento, senón
3 que se considera un servizo fundamental). Exercemos un control financeiro exhaustivo,
4 sendo os gastos derivados da acción sindical ordinaria e a comunicación as partidas
5 orzamentarias máis importantes, aínda que tamén debemos mencionar o esforzo
6 económico que supón a celebración das eleccións sindicais no ensino público cada catro
7 anos, que dado o seu volume implica facer unha planificación nos anos intermedios.

8 Nos vindeiros anos propónse unha xestión que continúe a liña levada a cabo nas etapas
9 anteriores, continuando o esforzo afiliador como fonte de ingresos e a racionalización
10 do gasto.

12 **2.5.- Comisións de traballo**

14 A futuro, consideramos oportuno darlle máis pulo e reforzar o que até agora foron os
15 grupos de traballo, constituíndo así unha serie de comisións de carácter estábel, que
16 permitan realizar un traballo harmonizado en diferentes áreas estratéxicas baixo a
17 coordinación da Executiva Nacional Federal.

18 As Comisións Nacionais Federais que decidimos constituír a partir deste IX Congreso son
19 as que seguen: Organización e Servizos, Lingua, Negociación Colectiva, Saúde Laboral,
20 Muller, Igualdade e Comunicación.

22 ***Comisión Nacional de Organización e Servizos***

23 Integrarán esta comisión aquelas persoas que dende as comarcas teñan a
24 responsabilidade do traballo de xestión, mediante o sistema informático, da nosa base
25 de datos. É dicir, as operadoras e os operadores comarcais federais e as persoas
26 responsábeis das Secretarías Comarcais Federais.

27 O traballo desta comisión terá por obxecto o control da afiliación, a supervisións das
28 fichas e entrada dos datos nos sistema informático, a emisión de informes e o control
29 dos rexeitamentos e devolvedores.

30 Cada trimestre emitirase un informe de situación por comarca e farase un control tanto
31 das novas fichas como dos rexeitamentos e devolucións, e das actualizacións das cotas
32 sindicais cando corresponda.

33 Dende esta comisión, operarase tamén no relativo á actualizacións dos datos das persoas
34 afiliadas após os diferentes concursos de traslados (CADP e CXT) así como dos outros
35 concursos ou convocatorias que xeren cambios nos destinos definitivos ou provisionais
36 das persoas afiliadas.

37 É fundamental mellorar este ámbito do noso traballo, sobre todo no relativo á
38 autonomía destas tarefas a nivel comarcal, tratando de xerar cada vez menos
39 dependencia da estrutura nacional.

1

2 ***Comisión Nacional de Lingua***

3 Integrarán esta comisión as persoas designadas dende cada comarca para a xestión de
4 todas as cuestións relacionadas coa lingua e súa normalización.

5 Entre os traballos levados a cabo por esta comisión, cómpre destacar a participación
6 activa e a xestión do Correlingua, proxecto que sobarda os vinte e cinco anos de vida
7 tratando de achegar o alumnado ao galego desde unha perspectiva lúdica e afectiva, ao
8 tempo que se trata de implicar e sensibilizar ao profesorado facéndoo partícipe da
9 actividade.

10 Así mesmo, a comisión promoverá a realización de diferentes campañas, a elaboración
11 de materiais didácticos e de distintos cursos de formación sobre múltiples aspectos
12 relacionados co galego como a normalización lingüística ou a mellora da competencia
13 lingüística docente para fomentar o uso do galego nas aulas.

14

15 ***Comisión Nacional de Negociación Colectiva***

16 Estará integrada por aquelas persoas que sexan nomeadas desde a Executiva Nacional
17 para cada situación nos procesos de negociación colectiva no ámbito do ensino público
18 non universitario, no ensino privado, ou no universitario.

19 Organizaranse dende esta comisión os traballos propios das diferentes mesas de
20 negociación, sexan de convenios ou negociacións colectivas nun senso máis amplo,
21 como as mesas xerais e/ou sectoriais, as xuntas de persoal docente, etc.

22 Resulta fundamental para a CIG-Ensino continuar avanzando no medre en termos de
23 representación sindical, por ser esta a chave para poder fortalecer a nosa capacidade de
24 intervención e permitirnos ter unha presenza determinante nas mesas de negociación
25 colectiva, sexa esta cal for.

26 Só así poderemos loitar con forza por unhas condicións laborais xustas e pola ampliación
27 dos dereitos sociais e económicos para a clase traballadora do noso país, coas miras
28 postas sempre en acadar un verdadeiro marco galego de relacións laborais ao que
29 aspiramos como sindicato nacionalista.

30

31 ***Comisión Nacional de Saúde Laboral***

32 Integrarán esta comisión unha persoa de cada Comité Provincial de Seguridade e Saúde
33 Laboral elixida entre todas as que forman parte del, coordinados pola Executiva
34 Nacional.

35

36 Tendo en conta que na actualidade os Comités Provinciais e o Comité Intercentros non
37 están en funcionamento nin tampouco se reuniron no pasado ano 2024, cómpre máis
38 que nunca que o sindicato teña definido o procedemento que seguir cando, escoitadas
39 as nosas demandas, a Administración tome en serio este traballo e se decida a poñelo
40 en funcionamento.

1 Xa que logo, esta comisión coordinará o traballo dos catro Comités Provinciais a fin de
2 termos unha liña de traballo consensuada ante os diferentes temas que tratar, á vez que
3 recadará e porá en común aquelas problemáticas que nos poidan achegar as persoas
4 traballadoras do ensino para posteriormente elevalas ao Comité Intercentros.

6 De igual xeito, dende esta comisión reivindicarase da Administración establecer
7 calendarios de traballo e reunións periódicas para buscarlle solución ás diferentes
8 problemáticas que xurdan, tanto en materia de seguridade (no relativo ao estado das
9 infraestruturas, a perigosidade nas aulas ou obradoiros, o uso de materias
10 potencialmente perigosas, etc.) como en materia de saúde laboral (no que ten a ver co
11 estabelecemento dos diferentes protocolos de actuación, adaptacións de postos de
12 traballo, determinación dos riscos laborais, sobrecarga de traballo, etc.).

14 ***Comisión Nacional de Mulleres e Igualdade***

15 A Comisión Nacional de Mulleres e Igualdade pretende representar un organismo chave
16 dentro da CIG-Ensino na defensa dos dereitos das mulleres e na loita contra a
17 discriminación por razón de orientación ou identidade sexual no ámbito educativo de
18 Galiza. Esta comisión, coordinada pola Executiva Federal, estará composta por delegadas
19 e liberadas sindicais que ofrezan unha representación diversa e equitativa de todas as
20 comarcas do país.

21 O traballo desta comisión centrarase principalmente na análise rigorosa e sistemática da
22 situación actual en materia de igualdade nos centros educativos galegos. Avaliarán as
23 condicións laborais das mulleres que traballan no sector educativo, identificando
24 desafíos e propoñendo solucións concretas para erradicar desigualdades. As súas
25 propostas, tras seren discutidas e aprobadas polos organismos pertinentes da
26 federación, buscarán non só mellorar as condicións laborais das compañeiras a nivel
27 nacional, senón tamén fomentar un modelo máis xusto e igualitario no sistema
28 educativo.

29 Ademais, a Comisión Nacional de Mulleres e Igualdade desempeñará un papel
30 fundamental no deseño e implementación de campañas de sensibilización e formación.
31 Estas campañas, propias ou elaboradas en coordinación coa estrutura confederal,
32 estarán orientadas a visualizar a importancia da igualdade de xénero, promover a
33 corresponsabilidade e combater calquera tipo de violencia ou discriminación do
34 colectivo LGBTIC+ nas aulas e nos centros de traballo.

35 ***Comisión Nacional de Comunicación***

36 Integrarán esta comisión todas as persoas que desenvolvan funcións específicas
37 relacionadas coa comunicación a nivel nacional do sindicato, tanto interna como
38 externa. Estas tarefas incluírán a comunicación directa coa nosa afiliación (mediante
39 correos electrónicos ou SMS), así como a xestión da comunicación externa (que
40 abrange dende a nosa web á relación cos medios de prensa) ou o emprego das
41 diferentes canles de comunicación existentes, nomeadamente as redes sociais. Esta
42 comisión estará coordinada dende a Executiva Federal.

1 A función desta comisión será a de coordinar e tratar de mellorar o funcionamento da
2 nosa comunicación, a fin de dar a coñecer as iniciativas, accións e campañas que
3 desenvolvamos, fomentando unha conexión directa e transparente co conxunto do
4 profesorado galego.

5 Pretendemos deste xeito, por unha banda, reforzar a nosa capacidade comunicativa e,
6 por outra, facelo de xeito cohesionado alí onde -partindo da referencialidade que
7 queremos darlle á nosa web www.cig-ensino.gal e apoiados nos folletos en soporte
8 papel que achegamos aos centros de traballo (CIG-Infoma), nas redes sociais e recursos
9 comunicativos ao noso alcance- poidamos chegar ao profesorado na defensa dos seus
10 intereses en tanto que clase traballadora.

11

12 **3.- Formación**

13

14 Para a CIG-Ensino, a formación constitúe un pilar fundamental no compromiso cun
15 ensino de noso. Cando o profesorado escolle a nosa oferta formativa, conscientemente
16 ou non, está optando por un modelo alternativo ao que ofrece a Consellería de
17 Educación. Trátase dunha formación centrada no noso país, deseñada para emendar a
18 carencia deste enfoque na oferta formativa da nosa Administración Educativa.

19 Malia que a forza da CIG-Ensino medra de xeito progresivo grazas ao incremento
20 constante da afiliación, tamén é unha realidade innegábel que o perfil das persoas que
21 se achegan a nós está moitas veces lonxe das nosas liñas ideolóxicas básicas. Por esta
22 razón, é fundamental que os nosos programas formativos teñan como horizonte o
23 achegamento do profesorado a nós e, á súa vez -como axentes de transformación social-
24 , á nosa realidade como país.

25 Aínda que polas necesidades de formación específica sobre novas metodoloxías
26 didácticas ou polas exigencias para o profesorado de adquisición de competencias varias
27 (entre as que destacan as dixitais), haxa que incluír nos nosos programas formativos
28 contidos sobre estes temas, o eixe das nosas propostas debe ser ben outro. Deste xeito,
29 a nosa formación, tanto presencial como a distancia, debe xirar arredor do coñecemento
30 da nosa historia, tantas veces terxiversada nos currículos oficiais, da nosa arquitectura,
31 natureza, arte ou economía. Así mesmo, por ser adxectivo que nos identifica como
32 sindicato, o feminismo debe ser central nos nosos programas formativos xunto coa
33 coeducación e o respecto pola diversidade sexual.

34 Pola defensa inequívoca que como CIG-Ensino facemos da nosa lingua e, a maior
35 abundamento, en vista da actual situación de emerxencia lingüística que vivimos (da que
36 dan conta as recentes publicacións do IGE), debemos facer especial fincapé na formación
37 e o achegamento afectivo do profesorado ao galego. Aínda que sempre a CIG-Ensino se
38 caracterizou, fronte a outros sindicatos, pola firme defensa da nosa lingua (como pode
39 comprobarse nos programas formativos elaborados desde as orixes do sindicato),
40 cómpre agora redobrar os esforzos na loita pola ampliación da súa presenza.

1 Por outra banda, alén da formación dirixida ao profesorado en xeral, hai que ter en conta
2 tamén a nosa formación interna. Para que o noso labor sindical resulte produtivo,
3 necesitamos coñecer os dereitos que fomos conquistando e os que nos quedan por
4 acadar de xeito que a nosa acción sindical teña un norte certo; ao tempo que precisamos
5 dominar unha serie de contidos relacionados coa nosa xestión diaria para ir forxando o
6 traballo cotián. É por isto de grande importancia a formación político-sindical das
7 persoas liberadas e delegadas que conformamos os cadros sindicais do ensino xa que a
8 árbore da burocracia non nos pode impedir ver o bosque do cometido transformador
9 social do noso proxecto, orientado á defensa dos intereses da clase traballadora, sempre
10 desde unha perspectiva de nación.

12 **4.- Feminismos**

14 Como CIG-Ensino facemos parte da Confederación Intersindical Galega, organización
15 feminista e non patriarcal.

16 Avanzamos no camiño que outras compañeiras e compañeiros iniciaron desenvolvendo
17 iniciativas para acadar un ensino coeducativo, alicerce dunha sociedade galega que loite
18 pola igualdade e rexeite as actitudes machistas e contrarias á liberdade de orientación
19 ou identidade sexual.

20 Seguiremos a aumentar a proporción de mulleres e fomentar a súa participación activa,
21 tanto nos organismos como no conxunto do persoal delegado e liberado da federación,
22 tendo como obxectivo acadar a maioría que supoñen as mulleres na afiliación e no
23 propio sector. Con este propósito daremos continuidade á formación interna obrigatoria
24 en materia de igualdade.

25 O feminismo debe manterse como un dos piares da programación anual de formación:
26 Teleformación sobre igualdade de xénero e coeducación, Xornadas das Mulleres (que
27 veñen de cumprir a súa XXII edición) e publicación de materiais didácticos arredor do 25
28 de novembro, 8 de marzo e 28 de xuño, para traballar co alumnado nas aulas.

29 Como resultado de analizar a situación en materia de igualdade nos centros de ensino e
30 nomeadamente nas condicións laborais, tanto nas visitas aos centros como mediante
31 inquéritos ao profesorado seguiremos a detectar as eivas neste eido e a darlles resposta.
32 Con este propósito participaremos activamente na elaboración do Plan de igualdade do
33 profesorado e seguiremos coa elaboración de guías sobre temáticas novas ou dando
34 continuidade a materiais xa editados ou coeditados sobre plans de coeducación nos
35 centros de ensino, linguaxe inclusiva, dereitos de conciliación do persoal docente, etc.

36 Ademais de crear iniciativas propias de ensino, como parte da Comisión Nacional de
37 Mulleres participamos no deseño das campañas da Confederación e trasladamos as
38 demandas dos diferentes sectores altamente feminizados que abrangue a federación do
39 ensino, reparando tamén na sobrecarga que para as mulleres supón a precarización do
40 ensino como servizo público, derivando nunha maior carga e gasto para as familias, cuxa
41 xestión recae maioritariamente nas mulleres.

1 No ensino privado, seguiremos a participar na negociación de plans de igualdade,
2 aprobando aqueles que supoñan melloras sobre os correspondentes convenios de
3 aplicación e protección fronte o acoso e as violencias machistas no traballo.

4 Como CIG-Ensino continuaremos defendendo os dereitos das mulleres e na loita contra
5 a discriminación por razón de orientación ou identidade sexual nos centros de ensino e
6 nas rúas.

7

8 **5.- A Comunicación e as redes sociais**

9

10 A comunicación da CIG-Ensino diríxese tanto a nivel interno para informar a todas as
11 persoas liberadas e delegadas do ensino, así como a nivel externo para informar a toda
12 a afiliación e ás traballadoras e traballadores do ensino galego.

13 En ambos os casos, o elemento vertebrador da nosa comunicación é, e ten que ser, a
14 páxina web da CIG-Ensino, onde todas as informacións están sempre referenciadas tanto
15 para as traballadoras e traballadores como para as persoas liberadas e delegadas.

16 Na información interna usamos principalmente o correo electrónico como vía directa de
17 comunicación, e por ese medio os cadros sindicais está informados de todas as
18 novidades e informacións relevantes para o desempeño do labor sindical, así como do
19 transcurso das distintas negociacións.

20 En canto á comunicación externa, a CIG-Ensino, no seu ánimo de traballar a prol do
21 ensino do país e coa intención de trasladar o noso posicionamento nos temas que
22 consideramos de importancia (tanto no ámbito educativo como sindical ou político),
23 utiliza todas as canles de comunicación posíbeis, pero mantendo como medio de
24 comunicación principal coa afiliación o correo electrónico. Entendemos que debemos
25 ser punta de lanza nas redes sociais e niso traballamos.

26 A adaptación da nosa comunicación á época de mensaxes inmediatas, curtas e con
27 titulares de enganche moitas veces enganosos non debe vir da man dunha redución da
28 análise necesaria nin dos aspectos programáticos que desenvolver e difundir, mais si
29 debe ter en conta os formatos e as estratexias comunicativas para facer chegar as nosas
30 mensaxes. Esa adaptación debe superar as eivas das redes sociais, cunha comunicación
31 que deixe ver o importante do traballo sindical de centro, de rúa e de mobilización. Debe
32 trasladar a nosa opinión, facer fincapé na importancia de visualizar os conflitos onde se
33 evidencian e toman corpo: fóra das redes sociais.

34 As redes teñen que ser un medio, non un fin en si mesmas, evitando que todo o
35 activismo do profesorado e da sociedade no seu conxunto descansen nelas. Deberemos
36 reforzar unha combinación da comunicación áxil e directa coa difusión e promoción máis
37 detallada dos nosos principios ideolóxicos e das nosas propostas concretas, buscando
38 sempre a reflexión e a interacción con todas as traballadoras e traballadores a quen nos
39 diriximos.